

## ESTADÍSTICA. ESTADÍSTICA DESCRIPTIVA

### ACTIVIDADE 3. ¿COMO É O TAMAÑO DAS EMPRESAS EN GALICIA?

#### Obxectivos:

- ◆ Calcular e interpretar os principais parámetros de centralización dunha variable estatística.
- ◆ Interpretar datos, facer comparacións e extraer conclusións baseadas en datos reais.
- ◆ Coñecer algunhas das principais características das empresas galegas.

#### Coñecementos previos necesarios:

- ◆ Saber calcular e interpretar os principais parámetros de centralización (media, moda e mediana).
- ◆ Saber calcular e interpretar porcentaxes.
- ◆ Saber facer e interpretar gráficos de barras e de sectores.

#### Observacións:

- ◆ Esta actividade convén resolvela cos **datos do último ano dispoñible**, aos que se pode acceder a través do enlace que se facilita na páxina web da actividade.

#### Cuestións a resolver:

- 1) Completa a seguinte táboa a partir dos datos das empresas con actividade en Galicia:

	Galicia	España	Total
sen asalariados	.....	.....	.....
de 1 a 2 asalariados	.....	.....	.....
de 3 a 5 asalariados	.....	.....	.....
de 6 a 9 asalariados	.....	.....	.....
de 10 a 19 asalariados	.....	.....	.....
de 20 a 49 asalariados	.....	.....	.....
de 50 a 99 asalariados	.....	.....	.....
de 100 a 249 asalariados	.....	.....	.....

de 250 a 499 asalariados	.....	.....	.....
de 500 ou máis asalariados			
<b>Total</b>	.....	.....	.....

A partir da táboa anterior, calcula a distribución porcentual das empresas segundo o seu tamaño. ¡Só tes que calcular a porcentaxe que representa o total de empresas dunha categoría sobre o total!. Escribe os resultados na seguinte táboa:

	<b>Total</b>
sen asalariados	.....%
de 1 a 2 asalariados	.....%
de 3 a 5 asalariados	.....%
de 6 a 9 asalariados	.....%
de 10 a 19 asalariados	.....%
de 20 a 49 asalariados	.....%
de 50 a 99 asalariados	.....%
de 100 a 249 asalariados	.....%
de 250 a 499 asalariados	.....%
de 500 ou máis asalariados	.....%

Responde agora ás seguintes preguntas:

¿Cal é a porcentaxe de empresas sen asalariados?.....

¿Que estratos acumulan máis do 90% das empresas galegas?.....

¿Cal é a porcentaxe de empresas con 100 ou máis asalariados?.....

Elabora un gráfico de sectores das empresas segundo o seu tamaño considerando só os seguintes estratos de asalariados: sen asalariados, de 1 a 9 asalariados, de 10 ou máis asalariados.

- 2) Considera agora só as empresas que teñen polo menos un asalariado e elabora un gráfico de barras destas empresas segundo o estrato de asalariados.

¿Cal é o tamaño máis frecuente?.....

¿Como se denomina o valor da variable que aparece un maior número de veces?.....

Completa a seguinte táboa de frecuencias da variable número de asalariados:

	Frecuencia absoluta	Frecuencia relativa	Frecuencia absoluta acumulada	Frecuencia relativa acumulada
de 1 a 2 asalariados	.....	.....	.....	.....
de 3 a 5 asalariados	.....	.....	.....	.....
de 6 a 9 asalariados	.....	.....	.....	.....
de 10 a 19 asalariados	.....	.....	.....	.....
de 20 a 49 asalariados	.....	.....	.....	.....
de 50 a 99 asalariados	.....	.....	.....	.....
de 100 a 249 asalariados	.....	.....	.....	.....
de 250 a 499 asalariados	.....	.....	.....	.....
De 500 ou máis asalariados	.....	.....	.....	1
	.....	1		

¿En que estrato se atopa situada a mediana da distribución?.....

¿Cal é o número medio de asalariados por empresa?.....

**¡Para calcular o número medio de asalariados supón que a maior empresa de Galicia ten 6.500 asalariados!**

¿Que diferenzas observas entre a moda, a mediana e a media aritmética?

.....



¿Indica isto algunha característica da distribución da variable número de asalariados?

.....

¿Podemos empregar a media aritmética como valor representativo do número de asalariados das empresas galegas? .....

3) O tamaño da empresa máis grande de Galicia, ¿é un dato atípico?

O estrato de 500 a 6.500 asalariados é relativamente amplo e o dato de PSA PEUGEOT CITRÖEN, empresa máis grande de Galicia, no extremo superior, atópase bastante afastado do comportamento das restantes grandes empresas de Galicia, que non adoitan superar os 3.000 asalariados.

¿Inflúe un dato deste tipo valor da media aritmética?

Considera só as empresas de 100 ou máis asalariados e calcula o número medio de asalariados deste tipo de empresas.

**¡Supón que a maior empresa de Galicia ten 6.500 asalariados!**

	Frecuencia absoluta	Tamaño aproximado
de 100 a 249 asalariados	.....	$(100+249)/2=174,5$
de 250 a 499 asalariados	.....	$(250+499)/2=374,5$
<b>De 500 a 7.500 asalariados</b>	.....	<b><math>(500+6.500)/2=3.500</math></b>
	.....	

**Número medio de asalariados nas empresas de 100 ou máis asalariados<sub>1</sub> =**

.....

Elimina agora a empresa de 6.500 asalariados, supón que a maior empresa de Galicia despois de eliminar esa ten 3.000 asalariados e calcula de novo o número medio de asalariados.

	Frecuencia absoluta	Tamaño aproximado
de 100 a 249 asalariados	.....	$(100+249)/2=174,5$
de 250 a 499 asalariados	.....	$(250+499)/2=347,5$
<b>de 500 a 3.000 asalariados</b>	.....	<b><math>(500+3.000)/2=1.750</math></b>
	.....	

Número medio de asalariados nas empresas de 100 ou máis asalariados<sub>2</sub> =

.....